

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

17 DE MAIO EN PORTUGAL

En Lisboa tamén se celebran as Letras

O [Centro](#) de Estudos Galegos da Universidade [Nova de Lisboa](#) e a Cátedra de Estudos Galegos da [Universidade](#) de Lisboa, en colaboración co Instituto [Cervantes](#) e co [Biblioteca Museu República e Resistência](#), organizan unha serie de actividades dedicadas a celebrar o Día das Letras Galegas, dende o 15 ao 20 de maio. Conferencias, cinema e música integran un completo programa que se desenvolverá no Museu República e Resistência, agás unha conferencia no Instituto Cervantes sobre os escritores galegos.

- 10:05 18/05/2006

Comezaron o día 15, cunha mesa debate sobre "Escribir e ler en Galicia hoxe", con [Xavier Seoane](#), Ánxel Rei Ballesteros, [Luís Rei](#) e [Manuel Bragado](#). O 17 foi a inauguración, a cargo do director do Instituto Cervantes, Ramiro fonte, o Director da Cátedra de Estudos Galegos, Paulo Farmhouse Alberto, e a directora do Centro de Estudos Galegos, Graça Videira Lopes. A seguir, o escritor e profesor Xosé Ramón Pena falou sobre *Os Eoas* de Eduardo Pondal, titulada "Crónica de una epopeia fundacional."

Ademais, o Museu acolle unha exposición de primeiras edicións de clásicos galegos cedidos polo director do Instituto Cervantes en Lisboa, Ramiro Fonte, "50 libros galegos." E tampouco han faltar cinema e música: o 18 proxéctanse filmes dun dos nosos mellores cineastas, [Chano Piñeiro](#): *Sempre Xonxa* e a curtametraxe *Mamasunción*. O 19, Xurxo Souto presentará o seu documental [Pucho Boedo, un crooner na fin do mundo](#), e o 20, Celso Fernández, contacontos, narrará *Bicoca de boca em boca*, contos, historias e memorias pertencentes á tradición oral galega e europea, e Fantoques Baj interpretará con monicreques *Tío Miséria*. Xa para pechar, gozaremos dunha actuación do grupo [Marful](#), integrado por Ugia Pedreira, Pedro Pascual, Pedro Alonso e Marcos Teira, un viño e uns "petiscos" de despedida.